



## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA VINTE E CINCO DE MARZO DE DOUS MIL VINTE E CINCO.

**Expte: 2025/G007/000010**

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás dez horas do día vinte e cinco de marzo de dous mil vinte e cinco, reúnen en primeira convocatoria os membros da Xunta de Goberno local; previa convocatoria efectuada regulamentariamente conforme ao resolto en decreto núm. 126 de data 24 de marzo/2025 e baixo a Presidencia do sr. Alcalde Alberto González Fernández: dona Rosa Ana García López, don Benito Manuel Vega Fernández, dona Tamara Sabín Caamaño e don Alejandro Antonio García Sousa.

Actúa como secretaria a que o é da Corporación dona Carlota González Navarro.

Despois de aberta pola Presidencia a sesión, esta celébrase comezando co debate e votación dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

### **1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: 17.03.2025 (EXTRAORDINARIA).-**

O alcalde preguntalle aos concelleiros se teñen que facer algunha observación á devandita acta, e ao non facerse ningunha alegación, declara que a acta da sesión de 17.03.25 queda aprobada sen ningunha obxección pola Xunta de Goberno Local.

### **2º.- EXPEDIENTES DA ÁREA DE OBRAS E URBANISMO.-**

#### **2.A.- Validar documentación técnica.-**

#### **“PROPOSTA DE ALCALDÍA PARA VALIDAR DOCUMENTACIÓN TÉCNICA**

**Expte: 98/2023. Tedec: 2023/U022/000003**

**.- Expte. de obras 98/2023.-**

**██████████ - Para as obras de construción de vivanda unifamiliar (inclue piscina) nunha parcela situada no lugar de Outeiro, 46 , parroquia de Lago, Concello de Valdoviño (referencia catastral nº. 15088A501002140000GQ) e de acordo coa documentación técnica achegada e asinada polas arquitectas Patricia Montes Andrés y Carmen Boedo Blanco.**

Concedeuse a licenza de construción de **vivenda unifamiliar (inclue piscina)** en Xunta de Goberno Local de data 28.08.2024 condicionada á aportación da documentación debidamente visada:

- Proxecto de execución, visado.
- Nomeamento do arquitecto como director de obra nun modelo homologado por dito colexio
- Nomeamento de arquitecto técnico ou aparellador como director de execución da obra, nun modelo homologado polo colexio profesional.
- Estudo básico de seguridade e saúde, visado.

O 08.01.2025 co núm. de rexistro 202599900000019 achegase ao expediente o Proxecto de execución de vivenda unifamiliar e o Estudo básico de seguridade e saúde visados polo correspondete colexio o 23.12.2024.

O 15.01.2025 co núm. de rexistro 202599900000053, achegase o nomeamento do arquitecto como director de obra a nome de Patricia Montes Andrés e Carmen Boedo Blanco e o nomeamento de arquitecto técnico como director de execución da obra e coordinador de seguridade e saúde a nome de Juan Pablo Feal Miragaya.

O 18.03.2025 con núm. de rexistro de entrada 202599900000362 achegase o Plano E08 visado o 18.03.2025.

Visto que o proxecto de execución achegado non presenta diferencias con respecto ao proxecto básico xa informado e que obtivo licenza municipal de obras.

E que a documentación que se achega é conforme e completa, segundo o informe do arquitecto municipal de data 20 marzo de 2025 en sentido **FAVORABLE**.

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro.- Dar por válida a devandita documentación técnica** achegada podendo dar comezo ás obras incluídas na licenza correspondente ao expediente 98/2023:

- Proxecto de execución, visado
- Estudo básico de seguridade e saúde visado.
- Nomeamento do arquitecto como director de obra a nome de Patricia Montes Andrés e Carmen Boedo Blanco
- Nomeamento de arquitecto técnico como director de execución da obra e coordinador de seguridade e saúde a nome de Juan Pablo Feal Miragaya.

**Segundo.-** Dado que o orzamento reflexado no proxecto de execución non varía con respecto a do proxecto básico non hai variación na liquidación practicada no acordo de concesión da licenza de data 28.08.2024.

**Terceiro.-** Notifíquese o presente acordo ó interesado e dese traslado do mesmo ao negociado de Urbanismo.

En Valdoviño na data da sinatura electrónica.

O alcalde. Alberto González Fernández.”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expediente 2023/U022/000003).

**2.B.- Execución de obras de prolongación da rede de sumidoiros municipal.-**

**“PROPOSTA DE ALCALDÍA PARA EXECUCIÓN DE OBRAS DE PROLONGACIÓN DA REDE DE SUMIDOIROS MUNICIPAL.”**

Expte: 253/2024 Tedec: 2024/U026/000243

.- Expte. de obras 253/2024.- [REDACTED] representado por Eva María Morán Salido, solicita licenza para as **obras de prolongación da rede de sumidoiros municipal** nas parcelas situadas entre o **Lugar do Campo núm. 71 – Lugar do Campo núm. 29**, con referencias catastrais entre 15088A503202790000GQ (inicio) - 15088A503002660000GW (final) na parroquia de Sequeiro.

Vista a documentación técnica achegada, que consiste en:

- “Proxecto de ramal de acometida de saneamento en San Bartolomeu, parroquia de Sequeiro” de data xullo-2024, redactado pola arquitecta técnica Eva María Morán Salido, colexiada núm. 2773 no COAT de A Coruña e achegado ao expediente xunto coa solicitude, substituído polo presentado o día 19.01.2025 (núm. rex. 202599900000080), redactado pola mesma técnica, de data decembro-2024.
- Planos S01, S02, S03, S04, S05, D01, D02 que substitúen aos incorporados no proxecto anterior, presentados o día 21.02.2025 (núm. rex. 202599900000248), redactados pola mesma técnica.
- Nomeamento de técnica directora das obras, asinado pola mesma facultativa, e achegado ao expediente o día 19.01.2025 (núm. rex. 202599900000081).

Segundo a documentación técnica presentada as obras que se pretenden executar consisten na prolongación da rede municipal de sumidoiros, nunha lonxitude total de 236,00 m, mediante canalización en tubaría de PVC compacta color tella SN 4 de 315 mm de diámetro e a instalación dun total de 8 pozos de rexistro, dos cales dous serán pozos de resalto.

Segundo as Normas Subsidiarias de Ordenación Municipal (en adiante NNSSPP), en vigor neste Concello, o ámbito onde se proxectan as obras atopase situado en solo clasificado e calificado, como **SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL**.

Considerando que a documentación que se achega ao expediente é conforme e completa, segundo o informe do arquitecto técnico municipal de data 24/03/2025 que se emite en sentido **FAVORABLE**

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

**Primeiro.-** Conceder a [REDACTED] representado por Eva María Morán Salido **licenza** para as **obras de prolongación da rede de sumidoiros municipal** nas parcelas situadas entre o **Lugar do Campo núm. 71 – Lugar do Campo núm. 29**, con referencias catastrais entre 15088A503202790000GQ (inicio) - 15088A503002660000GW (final), na parroquia de Sequeiro, Concello de Valdoviño.

A licenza se outorga salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

**Segundo.-** As obras axustaranse á **documentación técnica achegada** e asinada pola arquitecta técnica Eva María Morán Salido, **ás condicións xerais e as sinaladas no informe do arquitecto técnico municipal** (Anexo 1: CONDICIÓN DA LICENZA) de data 24 de marzo de 2025, debendo trasladarse ditas condicións ao promotor do expediente en debida forma, xunto coa licenza municipal.

**Terceiro.-** Aprobar a liquidación provisional das obras. Segundo informe que consta no expediente o orzamento de execución material das mesmas ascende á cantidade de dezaseis mil dezaseis con corenta e oito euros (16.016,48 €), en consecuencia o desglose tributario é: **Taxa 80,08 € ICIO.- 368,38 €**

**Cuarto.-** Aprobar o prazo de execución das obras: o inicio das mesmas non poderá exceder de 6 meses e o remate de 1 ano.

**Quinto.-** Notifíquese o presente acordo aos interesados e dese traslado do mesmo ao negociado de Urbanismo para o seu trámite, así coma aos servizos económicos para os efectos oportunos.

**En Valdoviño, asinada electrónicamente na data á marxe polo Sr. Alcalde Alberto González Fernández”**

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expediente 2024/U026/000243).**

### **3º.-ROGOS E PREGUNTAS.-**

Non se formularon rogos nen preguntas.

E sen máis asuntos que tratar, o sr. Alcalde levantou a sesión, ás dez horas e dez minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretaria municipal, CERTIFICO o contido da presente acta.

*/Documento asinado na marxe esquerda do mesmo pola secretaria e polo alcalde/*